

INFORMACIÓN PROCESO ADMISIÓN ALUMNADO DE 6º DE ED. PRIMARIA PARA O CURSO
2024/2025

1ª FASE: SOLICITUDE DE RESERVA

1.- **Solicitud de reserva:** Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar a reserva de posto escolar do seu fillo/a no seu centro de adscrición (IES Sanxillao), deberán presentar solicitude de reserva de posto escolar utilizando o **Anexo I (modelo ED550A)** dende o **15 de xaneiro ao 05 de febreiro**, ambos os dous incluídos.

- **Poderán presentar a antedita solicitude dun dos seguintes xeitos:**

a) Entregándoa no centro de orixe do alumno (no noso caso CEIP Sagrado Corazón).

b) Entregándoa a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, a través da aplicación web "admisionalumnado": <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

- **A presentación desta solicitude de reserva será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro**, (salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do día 28 de febreiro de 2024 e así poder participar no proceso ordinario de admisión).

- Esta solicitude de reserva ten prioridade sobre calquera solicitude de admisión para o centro de adscrición. De non participar nesta reserva perderán toda prioridade para ese centro. A presentación de solicitude de admisión noutro centro estando vinculado por reserva terá os efectos de perda da prioridade.

- A reserva adquirirá carácter vinculante polo que o/a alumno/a, deberá formalizar a matrícula en tempo e forma no centro de adscrición (IES Sanxillao).

**2ª FASE: SOLICITUDES DE ADMISIÓN EN CENTROS NON ADSCRITOS E NOVO ALUMNADO
(do 1 ao 20 de marzo)**

1.- As nais, pais e/ou titores legais que desexen solicitar praza **nun centro distinto** ao de adscrición (IES Sanxillao), deberán presentar solicitude de admisión no centro elixido utilizando o **Anexo II (modelo ED550B)** entre o 01 e o 20 de marzo.

Normativa:

-Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato (DOG núm. 29, do 11 de febreiro).

-Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 21 de outubro 2022, pola que se desenvolve o decreto e se regula o procedemento de admisión do alumnado (DOG núm. 212, do 8 de novembro).

-Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia.